

Queridas investigadoras e investigadores de 1º de Primaria:



No CITM temos unha pista para vós. Nas Mariñas viven moitos animais. Algúns voan, outros nadan. Algúns camiñan, corren ou saltan. Uns son fáciles de ver e outros saben agocharse moi ben. Pero todos eles forman parte dos tesouros das Mariñas. E aínda temos moitas preguntas sobre eles.

Por iso queremos confiarvos a vosa primeira misión oficial do CITM:

Descubrir os animais que viven nas Mariñas e investigar algú dos seus segredos

Onde viven? Que comen? Como son? Como se desprazan? Que necesitan para vivir? E, sobre todo... que podemos facer nós para coidalos?

Observade, facede preguntas, buscade pistas e compartide o que vaiades descubrindo.

BOA SORTE, EQUIPO INVESTIGADOR.

Mariña, Leo e Mero

